

XORNAL DE GALICIA
MARTES 1 DE XULLO DE 2010

CULTURA

A XUNTA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN "EN MENOS DUNHA SEMANA"

Varela reconece que o panteón de Bonaval non abrirá todos os días

O Goberno garante que o lugar onde repousan os restos de Castelao e Rosalía poderá ser utilizado o 25 de xullo

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

O Panteón de Galegos Ilustres, propiedade da Igrexa, segundo ratificou unha sentenza do Tribunal Supremo, abrirase proximamente ao público en virtude dun convenio que teñen previsto asinar a Consellaría de Cultura e o Arcebispado de Santiago. As súas portas, porén, non estarán abertas todos os días da semana. Así o reconeceu onte o titular de Cultura, Roberto Varela, ao termo dunha reunión co vicario xeral de Compostela, Víctor Maroño. Ambas dúas partes comprometéronse a poñer por escrito o contido do seu acordo "en menos dunha semana" e reabrir "en breve" as portas do panteón onde descansan os restos de Castelao e Rosalía de Castro.

Tras explicar que "quedou clara a titularidade da Igrexa" nun encontro cos medios de comunicación, Roberto Varela avanzou que a intención do seu departamento, que asumirá o mantemento do panteón, é "abrirlo canto antes ao público". "Chegamos a un acordo co vicario que permite abrir o panteón e ese réxime de apertura formalizarase nun convenio que se asinará nos próximos días", comentou Varela, quen precisou que o documento "se asinará en menos dunha semana".

Non obstante, resaltou que "se poderá utilizar o panteón" en calquera caso o próximo 25 de xullo para a misa de Rosalía e o resto das actividades vinculadas ao día nacional de Galicia. O titular de Cultura resaltou que a apertura será "regular e diaria", pero puntualizou posteriormente, e así o recolle Europa Press, que polo momento non se estableceron "cantos días".

"Imos abrir o panteón. Imos asumir o mantemento. Iso é o que permite garantir o réxime de visitas", afirmou o conselleiro, quen asegurou que agora están a estudar un borrador sobre a organización desa apertura. O único seguro a tal hora é que "terá que haber seguridade".



Jean Michel Jarre (centro), acompañado polo xerente do Xacobeo e o titular de Cultura no Obradoiro. T. DE LA FUENTE

O MÚSICO FRANCÉS VISITOU O OBRADOIRO, ONDE ACTUARÁ O DÍA 31 DE XULLO

Jean Michel Jarre mesturará "alta tecnoloxía e tradición" en Santiago

O músico e compositor Jean Michel Jarre combinará "tradición e alta tecnoloxía" e porá en escena unha "auténtica arquitectura de luz" no concerto que ofrecerá o 31 de xullo na Praza do Obradoiro en Santiago. Así o avanzou onte en rolda de prensa tras visitar a praza, na que explicou que combinará rescates da súa discografía con composicións máis recentes e incluso algunha que vaia "compoñendo polo camiño" mentres atravesa o mundo co seu tour, cuxa única parada no Estado español é a de Santiago.

Jarre comentou que a actuación suporá unha mestura do "pasado e o futuro" e resaltou que "Santiago e Galicia combinan este sentido de

estar fóra do tempo, non importa se es católico ou non, a mensaxe é universal, o que move tantos peregrinos a vir a Santiago".

Tamén incidíu en que a capital galega é patrimonio da Unesco, entidade da que é embaixador de boa vontade, e subliñou que o obxectivo desta "non só é protexer pedras antigas, senón celebrar un sentido de identidade dende o punto de vista artístico e histórico".

"MITOLOXÍA DA ELECTRÓNICA"

O francés sinalou que será un "concerto especial" porque se utilizarán instrumentos que forman parte da "mitoloxía da música electrónica", que en directo resultan máis difí-

ciles de tocar. Así, resaltou que as pezas serán interpretadas ao vivo, o que, matizou, "será un auténtico desafío". En canto á escenografía contará cunha combinación de vídeo, luz e un novo tipo de láser que suporá unha "auténtica arquitectura de luz" con efecto 3D sen necesidade de lentes.

A cita está incluída no Camiño da Música da programación do Xacobeo 2010 e, segundo resaltou Roberto Varela, o evento, de entrada gratuíta, converterase "nun magnífico espectáculo no que se integrarán perfectamente a música cos últimos avances en tecnoloxía de son, luces e efectos visuais". XDG ■

A reclamación da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que convocou unha marcha cívica e reivindicativa para o próximo 15 de xullo, coincidindo co 125 cabodano de Rosalía de Castro, van moi-

to máis alá. A entidade que preside Cesáreo Sánchez Iglesias esixe que o Panteón de Galegos Ilustres sexa un espazo "aberto" pero tamén "laico". Esa será a consigna dos participantes na marcha, que partirá de

Padrón e chegará á capital en tren para logo percorrer o centro da cidade vella, levarán até San Domingos de Bonaval o vindeiro 15 de xullo. Case 200 asociacións amosaron xa o seu apoio á iniciativa. ■